

ANEXO VI

PLAN ACCIÓN TITORIAL

CEIP Nosa Sra. de Xuvencos
Boborás

ÍNDICE

Plan de acción tutorial.....	4
1. Procedemento para a determinación das necesidades do alumnado.....	4
2. Procedemento de actuación co profesorado.....	5
3. Procedemento de actuación coas familias.....	6
4. Metodoloxía.....	7
5. Avaliación do Plan.....	8

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Entendemos o PLAN DE ACCIÓN TITORIAL como unha planificación das distintas accións que realiza cada titor/a, nivel ou ciclo para conseguir os obxectivos programados e atender a todos e cada un dos alumnos/as en función das súas necesidades.

O P.A.T. actualizarase ao comezo de cada curso consensuado polos mestres/as de cada ciclo.

OBXECTIVOS:

- Facilitar a acollida e integración do alumnado no seu grupo clase e no conxunto da dinámica escolar.
- Contribuír á personalización dos procesos de ensino aprendizaxe e efectuar un seguimento para detectar dificultades e necesidades especiais e poder, no seu caso, articular as respostas educativas adecuadas.
- Coordinar a información que o profesorado ten ou debe ter sobre o alumnado, coordinar o axuste de programacións e coordinar o proceso avaliador.
- Fomentar o desenvolvemento de actitudes participativas, actitudes de cooperación e respecto ás diferenzas e favorecer a aceptación de si mesmos.
- Informar ás familias de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos e favorecer a conexión destas co Centro.

1. PROCEDIMIENTO PARA A DETERMINACIÓN DAS NECESIDADES DO ALUMNADO

A principio de cada curso será preceptivo realizar unha AVALIACIÓN INICIAL en, polo menos, os seguintes casos:

- inicio de ciclo
- novo titor/a
- alumnado novo

Esta avaliación realizaraa o titor/a, utilizando os medios que considere convenientes:

- entrevista familiar,
- observación directa,
- información do seu expediente ou do seu anterior titor,
- proba de nivel de competencia curricular (Anexo 1)
- plan de acollida,
- etc.

Deste xeito o titor/a detectará ao alumnado que presente algunha necesidade:

- Atraso curricular importante.
- Problemas de conduta.
- Problemas familiares.
- Problemas específicos de logopedia.
- Alumnado de compensación educativa.
- Alumnado con problemas motóricos, neurolóxicos, auditivos, visuais, etc.
- Alumnado con altas capacidades.

Con todos estes datos dará información ao coordinador de ciclo, ao Equipo Directivo e ao orientador. É aquí no ciclo e E.D. onde se fará unha primeira división

entre os alumnos que se incluírán no Plan de Ampliación e Reforzos do Centro e o alumnado que se considera susceptible de ser tratado por especialista (Orientador, EOE, AL, PT...). Neste caso, o titor cumprimentará a FICHA INICIAL DE DEMANDA DE VALORACIÓN que levará á Comisión de Coordinación Pedagóxica para ser trasladada ao orientador.

Durante todo o curso, dentro do Plan de Acción Titorial, o titor/a poderá propor ao alumno/s que considere que presenta necesidades educativas.

2. PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN CO PROFESORADO.

En todo momento o titor/a informará ao equipo de profesores/as do grupo daqueles aspectos que considere relevantes para o bo desenvolvemento do proceso educativo.

O titor/a, como coordinador do seu grupo de alumnos/as, reunirse co resto do profesorado do grupo (por exemplo, en asuntos de disciplina, conflitos de grupo, baixo rendemento, etc.) e porá especial interese na toma de decisións conxuntas sobre a atención á diversidade e o apoio ás necesidades educativas especiais do alumnado, fundamentalmente para adoptar medidas de atención personalizadas, levadas á práctica en colaboración co departamento de orientación.

Asemade, o titor/a presidirá as xuntas de avaliación, evitando reducir estas a un mero ditado de cualificacións, e dirixíndoas preferentemente a tratar os seguintes aspectos:

- Avaliación do rendemento do alumnado segundo os criterios acordados polo Claustro e programación dos departamentos.
- Posta en común e adopción de mecanismos de solución dos problemas de índole académica, de relación ou disciplina que puideran ser detectados.
- Posta en común do avance das programacións e previsión de actividades fóra da aula.

3. PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN COAS FAMILIAS

Os titores/as proporcionarán ás familias información da marcha académica dos seus fillos/as, do seu rendemento e comportamento. A tal fin adicarán unha hora semanal á atención aos pais/nais. Esta entrevista poderá producirse tanto a petición dos pais coma do titor/a, sendo necesario concertala con anterioridade polo procedemento que se estime oportuno.

O último día de cada trimestre do curso escolar os titores recibirán aos pais/nais dos seus alumnos para informarlles da cualificacións obtidas en dito trimestre académico.

Ademais, o centro ten establecidos os seguintes procedementos de actuación de carácter xeral:

- Realizaranse, polo menos, tres reunións xerais convocadas polo equipo docente durante o curso; unha delas ao comezo. Poderán ser de etapa educativa, ciclo, nivel ou titoría.
- Desde o Equipo Directivo convocarase unha reunión xeral do servizo de comedor e do programa de gratuidade de libros.
- Convocaranse coa antelación suficiente para favorecer a asistencia das familias.
- Deberase especificar a orde do día cos temas a tratar. Na primeira reunión
- (ciclo, nivel ou titoría) deberanse incluír os seguintes puntos na orde do día:
 1. Presentación do profesorado: titores e especialistas
 2. Normas xerais do centro/ciclo/aula
 3. Obxectivos xerais e metodoloxía
 4. Proxectos e plans de actuación
 5. Actividades complementarias
 6. Rogos e preguntas
- Elaboraranse resumos escritos dos contidos tratados nesas reunións que se

entregarán ao Equipo Directivo.

- Procurarase dotar de contidos específicos en cada nivel ou ciclo relacionados co desenvolvemento evolutivo do alumnado: normas e límites, habilidades sociais, dificultades de aprendizaxe, técnicas de estudo, etc.
- Incluído no Programa de Benvida prevese a celebración de reunión xeral informativa na última semana de xuño destinada especialmente para o alumnado de educación infantil de 3 anos.

4.- METODOLOXÍA

A proposta de actuacións deixa aos titores/as unha ampla marxe de autonomía co fin de que poidan axustarse á realidade de cada grupo e ás características individuais do alumnado. Deste xeito, os titores/as deixan de ser meros executores dun plan previamente establecido e pasan a ter un papel activo nas decisións relativas aos obxectivos e contidos planificados. En Infantil e Primaria será necesario integrar a acción tutorial na práctica docente.

Tratará de facerse un tratamento personalizado, promovendo a atención individual ao alumnado que o necesite. Dende a tutoría potenciarase o coñecemento do alumnado a través de: revisión de expedientes, reunións de equipos docentes, aplicación de cuestionarios persoais ...

Ao longo do curso o grupo de titores e titoras dos distintos cursos reuniranse, sempre que sexa posible, periodicamente, co orientador, co obxecto de unificar criterios e establecer pautas de actuación.

5.- AVALIACIÓN

Na avaliación do PAT participarán tódolos axentes implicados: profesorado, familia, alumnado, departamento de orientación e equipo directivo. Farase ao longo de todo o proceso de cara a que este sexa reorientado se é necesario. Tamén haberá unha avaliación final ao remate do curso.

Os instrumentos que se empregarán serán variados: entrevistas, debates, enquisas, cuestionarios

Os criterios de avaliación deberán referirse ós obxectivos específicos e terán en conta:

- Planificación das actividades de tutoría, tanto cos propios alumnos/as como coas familias.
- Participación nas actividades programadas.
- Asistencia ás reunións e entrevistas.
- Adecuación das actividades ás necesidades e intereses do grupo.
- Utilización de recursos variados e motivadores.
- Adecuación da temporalización das actividades.

